

3. X. M. ÁLVAREZ BLÁZQUEZ - EDITOR

Como xa sabemos, Xosé María Álvarez Blázquez tamén traballou a prol da lingua galega como editor. En **1950** fundou, con Luís Viñas Cortegoso, a Editorial Monterrey; editorial que se pode considerar como impulsora da Nova Narrativa Galega.

Este labor editorial foi moi importante para as nosas letras e quizais fose aínda máis importante a súa segunda experiencia neste eido: as Edicións Castrelos pois, grazas ao seu traballo, en **1975** esta editorial distribuía os seus libros nunhas 250 librerías, quioscos e feiras, feito histórico nunca conseguido con anterioridade.

A Edicións Castrelos débese o fenómeno das coleccións O Moucho e Pombal. Con estas coleccións conseguiu converter a literatura galega en literatura de masas, pois lograronse tiraxes de libros que alcanzaban máis dos tres mil exemplares.

Con estas dúas coleccións popularizouse o traballo de moitos escritores contemporáneos: Celso Emilio Ferreiro, Xosé Neira Vilas, Méndez Ferrín, Xohana Torres ou Manuel María, entre outros. Editouse tamén a obra de Rosalía, de Curros e de Pondal.

Con estas coleccións tampouco esqueceu os traballos de escritores foráneos, como por exemplo: *Le mariage forcé* de Moliere, traducido por Francisco Pillado co título *A boda de Esganarello* (número 61 da colección O Moucho) ou *Dous dramas populares* do Premio Nobel W. B. Yeats, traducido por Plácido R. Castro e polos irmáns Vilar Ponte (número 53 da colección O Moucho).

O número 22 da colección O Moucho titúlase *A pega rabilonga e outras historias de tesouros*, escrito por Xosé María Álvarez Blázquez en **1971**.

Este libro contén cinco relatos, con cadansúa dedicatoria, que teñen en común a historia dun tesouro. As historias son as seguintes: "A pega rabilonga", dedicada a Isidoro Millán González-Pardo; "A gavilla", dedicada a Celso Emilio Ferreiro; "A pedra", dedicada a Álvaro Cunqueiro; "A esmeralda", dedicada a Luis Bouza Brey e "A furna", dedicada a Manuel Casado Nieto.

Catecismo do labrego de frei Marcos da Portela (Lamas Carvajal) é o primeiro número da colección O Moucho. Vexamos a continuación unha pequena mostra do contido deste libro.

Decraración da doutrina labrega

P.- ¿Sodes labrego?

R.- Sí, pola miña disgracia.

P.- Ese nome de labrego, ¿de quen o recibiche?

R.- Do sacho que me fai callos nas maus, da terra que rego co sudor da miña testa, das mouras fames que paso, do aire que brúa nas miñas faltriqueiras, da monteira que levo na chola, da coroz de palla que me libra da chuvia, das cirigolas de estopa que me cobren de medio corpo abaixo, e doutras cativeces entre as que vivo aguniando.

P.- ¿Qué quere decir labrego?

R.- Home acabadiño de traballos, caste de besta de carga na que tanguen a rabear os que gobernan, ser a quen fan pagar cédula como as persoas pra tratalo como aos cás, que leva faltriqueira no traxe por fantesía, boca na cara por bulra, que anda de arrastro como as cobras, que fura na terra como as toupeiras, que traballa moito e come pouco, que á somellanza dos burros de arrieiro que levan o viño e beben a auga, precuran o trigo pra comer o millo, que anda langraneando por unha peseta sin poder nunca xuntala, e que ven ser considerado polos seus somellantes como un ninguén que a todo chamar chámanlle Xan Paisano.

P.- ¿Qué entendes por home de labranza?

R.- Unha caste de boi posto de pé, unha máquina de sacar cartiños da terra.

P.- ¿Cál é a sinal do labrego?

R.- A probeza.

P.- ¿Por qué?

R.- Porque nela vivimos e morremos.

P.- ¿De cántas maneiras usa o labrego deste sinal?

R.- De duas.

P.- ¿Cáles son?

R.- Aúñar ao traspaso e andar á miñoca.

P.- ¿Qué cousa é aúñar ao traspaso?

R.- Unha cousa moi condanada que fai deber as carnes, abrir a boca, ronronar as tripas e inflar o estómago de aire.

P.- ¿Qué cousa é andar á miñoca?

R.- Deitarse con apetencia i erguerse con fame; sentir antoxos de comer pan e de beber viño, e non facer máis que comer o xenio e beber os ventos.

P.- Mostrade cómo.

R.- Meto por equivoco as maus nas faltriqueiras e samente alcontro aire...; collo o saco do grau pra ir, ao muíño e non collo máis que lenzo; vou á casa dos que tenen a pedir un peso emprestado e si non me dan coa porta nos fuciños, despáchanme con palabras de moito peso, pro non co peso que eu cobizo; vai o recaudador pra que lle pague os trabucos e non hacho máis que disculpas que lle dar.

P.- ¿Por qué metedes as maus nas faltriqueiras?

R.- Por non perder o costume que herdamos dos nosos pais que viviron máis acomodados.

P.- ¿Por qué as levades á boca?

R.- Enganándonos, coidando que son pan pra ver si deste xeito enganamos ó estómago.

P.- ¿Por qué as levades ao sacho?

R.- Porque en todo tempo e lugar os nosos gobernantes nos piden as pagas dos trabucos e os señoríos as rendas.

P.- ¿Cáles son os vosos nemigos?

R.- Cántanse por centos.

P.- ¿Qué nemigos son eses?

R.- A maiores do mundo, do demo e da carne como teñen totalas xentes, temos un fato deles: nove ministros en Madrid, o Delegado da Facenda na provincia, o Adeministrador sa Subalterna no partido, o Alcalde, os concellais e o Segredario no Concello, o cacique da parroquia, o veciño de porta con porta, a miseria na casa, os pedriscos nos eidos, a fillosera nos viñedos, o recaudador metido na cabeza, os trabucos e a contribución territorial na cana dos ósos, a de consumos entalada nas gorxas, a creencia de que nos hemos millorar de sorte no esprito, as falcatrúas da curia enterradas hastra o redaño. etc., etc., etc.

P.- ¿E o traballo ten virtude contra eles?

R.- Non padre, nin ésta.

P.- ¿E por qué non?

R.- Porque non hai cartos que lle cheguen nin o traballo rende pra contentalos".